

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0390	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CARLOS ABELEDO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

INTRODUCCIÓN

O módulo de EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA, forma parte do currículo de todos os ciclos formativos que integran a formación profesional regrada; así, todos os alumnos que pretenden converterse en futuros profesionais recibirán a formación necesaria para inserirse laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector que elixan.

O currículo do módulo baséase no Deseño Curricular Base (DCB), establecido por decreto da Consellería de Educación. Os DCBs constitúen, polo tanto, a fonte normativa na que os profesores debemos inspirarnos á hora de elaborar as nosas programacións de aula para cada módulo. Por outra banda, cómpre lembrar que os DCBs apróbanse en Galicia a partir do establecido con carácter xeral no Deseño Base de cada Título (DBT), establecido por Real Decreto do Ministerio de Educación e con vixencia en toda España.

O currículo do módulo é común en todos os ciclos de FP Regrada, con independencia das cualificacións profesionais que se poidan adquirir coa obtención de cada título, e esta circunstancia posibilita a súa validación académica cando un alumno superou este módulo noutro ciclo formativo, xa sexa de grao medio ou superior; isto supón unha importante novidade no deseño curricular establecido pola LOE para este módulo.

OBXECTIVOS XERAIS

Tal e como recolle a LOE no capítulo I dedicado aos principios da educación, o sistema educativo debe orientarse ao pleno desenvolvemento das capacidades do alumnado así como capacitar ao mesmo para o exercicio das actividades profesionais. Entre os obxectivos establecidos por esta lei para a FP (artigo 40), cómpre destacar aqueles que teñen unha relación directa co módulo de EIE, que son os seguintes:

- Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional, así como a lexislación laboral e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais que nun futuro terán.
- Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións a evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- Afianzar o espírito emprendedor para o desenvolvemento de actividades e iniciativas empresariais.

Segundo a lexislación educativa galega, conforme ao Decreto 167/2010 que regula o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente o título de Técnico superior en guía, información e asistencia turística, a formación do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora permite alcanzar os obxectivos xerais k), n), ñ), o) e p) do ciclo formativo, e as competencias k) e p) do título:

- Obxectivos xerais do ciclo::

k) Caracterizar aplicacións informáticas e de xestión, así como as TIC, e recoñecer

n) Valorar as actividades de traballo nos procesos de prestación dos servizos de guía, información e asistencia turística, identificando a súa achega ao proceso global de prestación do servizo, para conseguir os obxectivos previamente identificados.

ñ) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas e crenzas para resolver problemas e tomar decisións.

o) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do traballo.

p) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo da sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

- Competencias profesionais, persoais e sociais do título:

k) Incrementar a eficacia dos servizos prestados mediante o emprego das TIC e de aplicacións informáticas e de xestión.



p) Establecer e administrar unha pequena empresa, realizando unha análise básica da viabilidade de produtos e servizos, da planificación e da comercialización.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA):

Tomando como referencia o DCP do módulo, enuméranse os obxectivos didácticos que con carácter xeral se pretenden acadar con cada módulo profesional. Estes obxectivos nos DCBs dos ciclos formativos de FP exprésanse en termos de Resultados de Aprendizaxe (RA) e enténdense como as competencias que debe adquirir o alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe que lles ha de permitir desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Resultados de Aprendizaxe

RA 1 Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas para innovación e a creatividade.

RA.2 Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.

RA.3 Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.

RA.4 Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena empresa ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

Atendendo aos obxectivos, que establece a lexislación educativa, basicamente a LOE, galega e os DCBs dos ciclos formativos, sinálanse os obxectivos específicos do módulo para cada unidade didáctica no correspondente apartado desta programación

ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre as empresas do sector produtivo, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupos que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector.
- Utilización de programas de xestión administrativa e financeira para pequenas e medianas empresas do sector.
- A realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade, composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.
- O plan de empresa incluírá: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de márketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos e axudas e subvencións.
- O plan financeiro incluírá o plan de tesourería, a conta de resultados provisional, e o balance provisional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.
- O proxecto empresarial irase realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.
- Para o desenvolvemento do módulo esixírase a disposición de medios informáticos con conexión a internet e polo menos que dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora. A empresa e o seu entorno	A iniciativa emprendedora. A idea de negocio. A empresa como sistema. Cultura e ética empresarial. A RSC	15	30
2	Mercado e plan de marketing. Tipos de empresas. A creación dunha empresa	Os elementos do mercado. O marketing mix. Clasificación xurídica das empresas. Plan de financiación. Recursos humanos	15	30
3	Trámites para a creación da empresa. Contabilidade e análise contable. A xestión da empresa	Trámites de posta en marcha dunha empresa. Análise contable. Ratios económico-financieros.Documentación. Obrigas fiscais	15	30
4	Plan de empresa	Elaboración do proxecto empresarial	8	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora. A empresa e o seu entorno	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

Criterios de avaliación
CA1.2 Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector guía, información e asistencia turísticas.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de guía, información e asistencia turísticas, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de guía, información e asistencia turísticas en función da súa posible localización.
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de guía, información e asistencia turísticas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de guía, información e asistencia turísticas (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector de guía, información e asistencia turísticas.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.

Contidos
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de guía, información e asistencia turísticas: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de guía, información e asistencia turísticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Mercado e plan de marketing. Tipos de empresas. A creación dunha empresa	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.

Criterios de avaliación
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada ca guía, información e asistencia turísticas e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de guía, información e asistencia turísticas, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de guía, información e asistencia turísticas tendo en conta a súa localización.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.</p> <p>Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.</p> <p>Formas xurídicas das empresas.</p> <p>Responsabilidade legal do empresario.</p> <p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de guía, información e asistencia turísticas.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Trámites para a creación da empresa. Contabilidade e análise contable. A xestión da empresa	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.6 Identifícaronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Defínense as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa guía, información e asistencia turísticas, e diferencíaronse os tipos de impostos no calendario

4.3.e) Contidos

Contidos
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Plan de empresa	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de guía, información e asistencia turísticas, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.4.e) Contidos

Contidos
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de guía, información e asistencia turísticas.

Contidos

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de guía, información e asistencia turísticas.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de guía, información e asistencia turísticas: documentos administrativos e documentos de pagamento.

Coidado na elaboración da documentación administrativo-financieira.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Confección dun proxecto empresarial relacionado co Ciclo Formativo correspondente, e que deberá incluír alomenos:

- a) Os obxectivos da empresa e a súa estrutura organizativa.
- b) Xustificación da localización da empresa.
- c) Análise da normativa legal aplicable.
- d) Plan económico-financieiro.
- e) Estado de tesourería e estados previsionais.
- f) Plan da produción e da comercialización.
- g) Rendibilidade do proxecto.
- h) Estudo de mercado.
- i) Análise e estudo das fases e dos custos que se derivan do proceso de creación da empresa.

Deberase incluír un anexo que serva para explicar as cifras económicas que se derivan do plan de empresa.

- Identificar os elementos dunha empresa e as funcións básicas que se levan a cabo na mesma.
- Identificar e analizar o contorno xeral e específico dunha Peme, as formas de localización, a responsabilidade social, etc
- Distinguir a cultura empresarial e a imaxe corporativa dunha Peme do seu sector.
- Identificar a actuación das persoas emprendedoras, valorando o risco ao que se expoñen.
- Determinar as ideas emprendedoras.



- Valorar a importancia da iniciativa, creatividade, formación, etc. co obxecto de recoñecer a súa influencia no éxito na creación de novas empresas do sector.
- Distinguir os elementos do márketing mix e utilízalos na elaboración dun plan de márketing.
- Especificar o grao de responsabilidade legal dos propietarios, segundo as diferentes formas xurídicas de empresa.
- Identificar os requisitos legais mínimos esixidos para a constitución da empresa, segundo a súa forma xurídica.
- Distinguir o tratamento fiscal establecido para as diferentes formas xurídicas de empresa.
- Identificar as vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial, axudas, subvencións...que son necesarias na creación dunha empresa do sector.
- Esquematizar as características legais básicas do empresario individual e as sociedades.
- A partir duns datos, definir a forma xurídica máis adecuada explicando vantaxes e inconvenientes.
- Enumerar os trámites esixidos pola lexislación vixente para a constitución dunha empresa, nomeando ó organismo onde se tramita cada documento, o tempo e forma requiridos.
- Confeccionar o organigrama dunha empresa do sector, establecendo as necesidades de persoal, delimitando os principios básicos organizativos, tipo de organización mais conveniente, etc.
- Determinar o custo laboral dun traballador para a empresa.
- Analizar a situación económica-financeira dunha empresa a través do estudio das súas Contas Anuais e das ratios máis habituais, etc.
- Interpretar nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, etc.
- Elaborar un estudo sinxelo de viabilidade económica e financeira dunha PEME do sector para incluílo no plan de empresa.
- Analizar as necesidades de investimento e as fontes de financiamento.
- A partir dun suposto práctico cumprimentar os documentos relacionados coa compravenda e co cobro e pagamento: contrato, pedido, factura, albarán, carta de porte, recibo, cheque, letra de cambio, obriga de pagamento, etc.
- Identificar as obrigas fiscais dunha empresa e delimitar o calendario fiscal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Aplicarase do seguinte xeito:

- Traballos (T), que englobarán traballos individuais dirixidos a poñer en practica os coñecementos adquiridos en cada unidade, así coma ir realizando o final de cada unidade a parte correspondente do PLAN DE EMPRESA, axustándose as indicacións reflexadas nas tarefas e/ou outras indicacións do profesorado. Tarefas que son enviadas en data e forma a través da plataforma, que se puntuarán na escala de 0 a 10. (Para que un traballo poida ser cualificado terá que ser debidamente entregado ao profesor pola plataforma na data e forma indicada. A cualificación representará un 10% da nota de cada avaliación, sempre e cando se superen os exames correspondentes (E) cunha puntuación mínima dun 5. Non se terán en conta os traballos presentados despois da data ou data límite de entrega fixada polo profesor.

O Plan de empresa:

No último trimestre do curso será obrigatorio a presentación e elaboración do correspondente plan de empresa final, unha vez realizadas as modificacións esixidas polo profesor.

A non presentación e elaboración correcta do plan de empresa supón, por si so, a non superación do módulo.

- Exames (E), que agrupan as probas escritas a realizar na data indicada para o exame. Cualificaranse na escala de 0 a 10, e a cualificación representará como mínimo o 70% da nota de cada avaliación.

Ademais dos controis de seguimento por tarefas planeadas a través da plataforma, en cada avaliación realizarase como mínimo un exame escrito presencial. Procurarase non modificar as datas, e de ter que facelo o profesor avisará cunha antelación non inferior a 48 horas.

Constarán de varias preguntas curtas, cuestións de verdadeiro e falso, preguntas longas a desenvolver e/ou realización de supostos prácticos.

O número de preguntas poderá variar dun a outro exame.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación dunha avaliación virá dada pola expresión:

$CA = 0,90E + 0,10T$, onde CA é a cualificación sobre 10 obtida na avaliación;

E é a cualificación sobre 10 obtida no exame de avaliación ;

T é a media acadada nunha avaliación polos traballos e tarefas presentadas.

Chamaremos C1, C2 e C3 as cualificacións definitivas das respectivas avaliacións parciais.

A nota da terceira avaliación parcial para os alumnos que teñen tódalas partes superadas do módulo, calcularase coa media ponderada das notas de todas as avaliacións (aplicadas as % segundo o peso de cada Unidade Didáctica na Cualificación do Módulo), xa que nos di a norma que nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na última avaliación parcial.

Cálculo cualificación final: $CF = UD1 \times 30\% + UD2 \times 30\% + UD3 \times 30\% + UD4 \times 10\%$

Para calcular a nota media compre ter unha nota maior ou igual a 5 en cada trimestre ou avaliación e presentar en forma e prazo o Plan de empresa.

Para aprobar/superar o módulo terá que ser CF mayor ou igual a 5.

NOTAS:

Para a superación do módulo compre ter todas as avaliacións superadas, tomándose en consideración, ademais dos exames, os traballos e tarefas a entregar, a participación activa na plataforma; así como a presentación e elaboración correcta do Plan de empresa.

Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final coa parte/s que determine o profesor para superar o módulo, debendo presentar ademais o Plan de empresa correspondente

ACLARACIÓNS SOBRE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

1. Técnicas de probas escritas:

1.1 Caracterizadas pola brevidade no enunciado. O uso destas probas centrarase preferentemente na recollida da información que poidan aportar. Con este criterio poden ser válidas a maioría das que actualmente están en uso, tales como:

- Preguntas de resposta curta: Nelas o alumno debe aportar unha información moi concreta e específica que poderá resumirse nunha frase, un dato, unha palabra, un signo, unha fórmula, etc., evidentemente referidos a cuestións de certa relevancia.

- Preguntas de resposta longa: Nelas o alumno debe aportar unha información ampla sobre un aspecto determinado.

- Preguntas de texto incompleto: As respostas quedan intercaladas no texto que se lles presenta ós alumnos (que deberá ser un enunciado verdadeiro ó que lle falten algunhas palabras). Son particularmente adecuadas para valorar o recordatorio de feitos, o dominio dunha terminoloxía exacta, o coñecemento de principios básicos, etc.
 - Preguntas de correspondencia ou emparellamento: Consisten en presentar dúas listas (A e B) con palabras ou frases breves, dispostas verticalmente, para que os alumnos establezan as relacións que consideren adecuadas entre cada palabra da columna A coa correspondente da B. Inclúirase en cada ítem un número desigual de elementos entre as columnas A e B para evitar que se establezan relacións por eliminación. Están indicadas para tarefas de memorización, discriminación e coñecemento de feitos concretos.
 - Preguntas de opción múltiple: Constan dun tronco ou base no que se fundamenta o problema, e un número indeterminado de respostas opcionais das cales unha é a correcta e as demais son distraccións. Son recomendables para valorar tarefas de comprensión, aplicación, discriminación de significados, etc.
 - Preguntas de verdadeiro - falso: Son moi coñecidas e habituais. Poden ser útiles para medir a capacidade de distinción entre feitos e opinións, ou para mellorar a exactitude nas observacións.
- 1.2 Análise e comentario de textos, desenvolvemento dun tema, elaboración de esquemas, presentacións, resumos, resolución de exercicios, casos prácticos, supostos de sínteses, resposta a preguntas, mapas conceptuais, etc

2. Tarefas planeadas a través da plataforma.

- Exposición crítica dun tema ou resolución de casos.
- Opinión persoal, xuízos de valor.
- Respostas a preguntas
- Lectura expresiva, etc.

3. Traballos individuais ou en grupo.

O uso destas probas centrarase preferentemente na recollida da información. Con este criterio poden ser válidas :

- Traballos de investigación.
- Presentacións.
- Resolución de casos ou exercicios.
- Elaboración de informe, etc.

4. Tarefas dos alumnos.

- Busca de información en internet.
- Análise de monografías, textos escritos.
- Exercicios prácticos.
- Pequenas investigacións, etc.

Este tipo de tarefas ten como finalidade afondar nalgún coñecemento ou destreza específica, favorecer a adquisición de determinados procedementos e desenvolver actitudes relacionadas co rigor, o gusto pola orde e a presentación correcta, etc.

5. Para valorar as actitudes: técnicas de observación da participación no foro da plataforma.
Compre estipular uns criterios previos de valoración e informar aos alumnos dos aspectos que se terán en conta.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Entre a última avaliación parcial e a avaliación final do módulo deixarase un período destinado á realización de actividades de recuperación ou solución de dúbidas da materia ou módulo pendente.
Os alumnos que non teñan todas as avaliacións superadas deberán realizar o exame final para superar o módulo, podendo o profesor delimitar as partes ou contidos pendentes de recuperación.
Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais e presentado correctamente o Plan de empresa, non terán que realizar a proba final.
O profesor pode propor ou indicar actividades de reforzo aos alumnos en xeral, e especialmente a aqueles que manifesten dificultades para conseguir os obxectivos do módulo, para que eles poidan confeccionalos de forma autónoma.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No módulo a distancia NON hai perda do dereito de avaliación continua

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe durante cada curso académico, e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións en tempo e contidos, que darán lugar a correccións para introducir en futuros cursos e que cumpra mellor a súa función.
En torno ao 10% do tempo asignado a cada Unidade Didáctica dedicarase a Avaliación e Actividades complementarias, para facilitar a superación do módulo.
O profesorado establecerá un procedemento de seguimento da programación baseado na revisión semanal, comprobando si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida, tendo en conta que en ocasións impartiranse conxuntamente contidos e actividades de 2 ou máis Unidades Didácticas, para facilitar a comprensión dos contidos.
No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso. Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado, para que exprese o seu grao de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- Cuestionarios anónimos.
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Deben distinguirse 3 momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

1. Avaliación Inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

2. Avaliación Formativa

Desenvólvese ao longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se se están a conseguir os obxectivos marcados... Tanto dende o punto de vista legal como pedagóxico, a avaliación ha de ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

3. Avaliación Final

Na avaliación dos alumnos e alumnas e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta ademáis dos exames, corrixidos conforme a criterios obxectivos, a participación do alumno/a nas tarefas e na plataforma. De tal maneira que todos estes elementos configuren valores a considerar e non só o exame.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarse con outros profesores do grupo-clase para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado. Revisará os informes individualizados de avaliación (de existiren) e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de deseño para todos. Para tal efecto, recolle as medidas necesarias para que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie de circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas. Tomando en consideración o establecido pola Lexislación respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirlles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.
- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A Lexislación contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

En distintos momentos das unidades didácticas trátanse contidos referentes as ensinanzas transversais:

- Educación moral e cívica.
- Educación ambiental e responsabilidade social na empresa.
- Educación para igualdade entre os sexos.
- Educación en novas tecnoloxías.

O tratamento que se da a estas ensinanzas está plenamente integrado nos contidos do módulo. Non entendemos, no desenvolvemento integral das capacidades sociolaborais dos alumnos, unha separación entre a aprendizaxe de esta e a aprendizaxe ou saber científico.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor poderá programar puntualmente actividades ou temas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Educación moral e ética no entorno laboral: O tratamento dos valores éticos e morais artículase en 3 grandes eixos:

- A propia identidade: autoestima, seguridade persoal, autonomía, responsabilidade, creatividade, integridade, apertura ao cambio, formación permanente, realización persoal e disposición para manter normas de conduta persoal e de traballo coherentes coas propias conviccións.
- A relación cos demais: respecto, cordialidade, amizade, tolerancia, talante democrático, xustiza e solidariedade.
- A relación co entorno: respecto polo patrimonio natural, sociocultural e laboral.

Prestarase especial atención á celebración do Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente, etc

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferenzan de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares.

A intención de programar este tipo de actividades no módulo de EIE é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como emprendedores ou empresarios.



A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

1. Conferencia sobre creación de empresas.

2. Conferencia sobre cooperativas.

3. Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíanse recomendar: El gran salto, El jardinero fiel, El síndrome de China, Tiempos modernos, En un mundo libre, etc

Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria, coma por exemplos feiras do sector profesional, etc.

10.Outros apartados

10.1) Plan de Empresa

O Plan de Empresa irase confeccionando polo alumnado simultaneamente a impartición das Unidades Didácticas, axustándose as indicacións do profesorado. Ao final de curso compe a presentación do mesmo, onde se valorará a exposición oral, a redacción dos contidos e as fontes ou recursos empregados.